



Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 14 de febreiro de 2022 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por IKER SERTUCHA LISTA en nome e representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **2004/000107-2**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral en data 22 de xaneiro de 2022, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da Federación, o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia e o novo domicilio en: RÚA FÉLIX ESTRADA CATOIRA , 3, Baixoº drta. 15007 Coruña, A (A Coruña)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito único desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Complexo Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostela





Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Entidades Xurídicas e
Corporativas

David Castro Sanmartín

Vº e praxe:

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico

María Adelaida Couto Piñón

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

